

PROXECTO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
IES San Tomé de Freixeiro - Vigo

CURSO 2012-2013



IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2012-2013

SUMARIO

INTRODUCCIÓN.....	3
INTEGRANTES DO EDLG.....	4
CARACTERIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	5
O IES San Tomé de Freixeiro	5
Profesorado.....	6
Alumnado.....	6
O centro.....	6
OFERTA ACADÉMICA DO IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO.....	7
ALUMNADO MATRICULADO	7
MATERIAS IMPARTIDAS EN GALEGO.....	7
OBXECTIVOS	9
Obxectivos xerais.....	9
Obxectivos específicos.....	10
A comunidade escolar.....	10
O alumnado	11
O profesorado.....	11
O persoal non docente	12
PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES.....	12
Actividades propias do EDLG do centro	12
Actividades en colaboración con outros departamentos.....	13
Actividades con outras institucións e organismos nas que participa o centro.....	13
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES: SECUENCIACIÓN E ORZAMENTO	14
ADDENDA	16
Valoración das actividades feitas no curso 2011-2012	16
MEMORIA DESCRIPTIVA DE ACTIVIDADES.....	16
ACTIVIDADES.....	17
Actividades de carácter xeral	17
Actividades específicas por orde cronolóxica	18
1º trimestre.....	18
2º trimestre.....	19
3º trimestre.....	20
VALORACIÓN.....	22

INTRODUCCIÓN

Desde hai moitos anos véñense desenvolvendo no IES San Tomé de Freixeiro actividades e iniciativas dirixidas a potenciar o coñecemento e uso da que sen dúbida é a manifestación máis senlleira da nosa cultura: a lingua galega. O labor a prol deste ben tan prezado foi tarefa de toda a comunidade educativa que, a través das diferentes directivas, boa parte do profesorado e o alumnado quixeron pór curso tras curso na medida das súas posibilidades o seu gran de area no proceso de regularización, normalización e dinamización da lingua galega. Nunca foi un labor fácil, mesmo ás veces ingrato, pero que merece a nosa perseveranza porque consideramos toda lingua como o ben máis prezado e democrático da manifestación cultural dun pobo.

Aínda que no noso centro existiron desde sempre iniciativas a favor da nosa lingua e da nosa cultura de tipo individual, o EDLG do IES San Tomé de Freixeiro vén funcionando, desde a creación dos primeiros equipos de normalización lingüística e seguirao facendo coa finalidade de acadar todos os obxectivos propostos.

Por esta razón, e porque a dinámica de cursos precedentes ha ser aproveitada e a actividade retomada e revisada de xeito que sirva para a consecución dos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que deberá se considerado continuación e proxección á vez, isto é, parte dun plan progresivo e plurianual.

Por último, cómpre sinalar que durante este curso escolar (2012-2013) case non houbo cambios na composición dos membros do noso EDLG, que pasa a estar integrado polos membros que se citan no seguinte apartado.

INTEGRANTES DO EDLG

Seguindo as directrices do Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOGA nº 97 de 25 de maio de 2010), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o EDLG do IES San Tomé de Freixeiro está constituído por profesorado, alumnado e persoal non docente, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro, sendo elixidos conforme á lei: o profesorado, segundo proposta do claustro de profesores; o alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas; e o persoal non docente, por proposta deste persoal, sendo o director do centro o responsable do seu nomeamento. A dirección do EDLG correrá a cargo dun coordinador, membro do claustro do IES San Tomé de Freixeiro.

Os integrantes son os seguintes:

Coordinador:

Miguel Doiro Taboada (Lingua galega e literatura)

Membros do profesorado:

Ramona Sotelo Lorenzo (CC SS Xeografía e Historia)

Diego Bouzón Caamaño (Música)

María Avelina Rodríguez Gil (Inglés)

Membros do alumnado:

Esther Porrit Marchena (1º D ESO)

Sara Porrit Marchena (2º C bacharelato)

Alba María Rodríguez Díaz (2º D bacharelato)

Membros do persoal non docente:

José Ramón Álvarez Álvarez

CARACTERIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O IES San Tomé de Freixeiro

Concebido orixinariamente como centro feminino, o IES San Tomé de Freixeiro data de mediados do século XX (1962) e constitúe un dos referentes educativos máis importantes dun dos eixos da cidade de Vigo, As Travesas, polo que presenta as características propias dun centro urbano. O centro celebra este curso o cincuentenario da súa inauguración con diferentes actos nos que está tamén presente directa ou indirectamente o EDLG.

A cidade de Vigo caracterízase por estar mudando desde unha sociedade semiurbana, na que os barrios e as actividades tradicionais tiñan moita importancia, a unha sociedade urbana que permite modos de vida máis propios das grandes urbes. Alén de circunstancias persoais concretas, hoxe en día é perfectamente posible vivir as 24 horas do día en Vigo sen escoitar falar galego, dependendo dos ámbitos da cidade nos que un se mova. A este feito contribúe a actividade cada vez maior do sector de sevizos que, entre outras moitas cousas, propicia a presenza de moitas persoas de diversas procedencias xeográficas e que lle dá un selo cosmopolita á cidade.

A burguesía viguesa é esencialmente económica, moitos deles con apelidos non galegos, que representan un modelo non galeguizador. Hoxe en día a clase empresarial viguesa está dirixida por un colectivo no que predominan as actitudes antiautonómicas e defensoras do centralismo en aras dunha pretendida rendibilidade da globalización mundial. Ó abeiro destes sectores apareceron na cidade algúns sectores belixerante contra a lingua e a cultura galegas apoiados por sectores sociais que gozan de poder e influencia, coas repercusións mediáticas que isto comporta, o que vén contrastar co escaso apoio, mesmo por parte das institucións que deberían velar pola defensa e normalización do idioma galego, con que conta toda actividade normalizadora, que se volve tremendamente dificultosa.

Unha das consecuencias do anterior é a desgaleguización nas manifestacións da sociedade viguesa, especialmente dos máis novos. Este feito refírese inicialmente ós ámbitos máis formais, xa que hai súa realidade que segue viva pero oculta. Un aspecto grave desta situación é que nun ambiente urbano os aspectos formais son moito máis importantes ca en contextos menos urbanos, nos que as comunicacións e relacións adoitan ser máis próximos e informais.

A presenza da lingua e cultura galegas na sociedade é escasa. O comercio, os medios de comunicación, as administracións, a publicidade, ... a pesar das excepcións, é evidente que aínda non ofertan as posibilidades de que o galego non presente trazos de lingua minorizada. No caso da mocidade os modelos, que seguen e os atraen, están aínda máis afastados.

Cómpre ter en conta que a vía seguramente máis poderosa que actuaba no pasado, a transmisión familiar de valores e modos de vida, hoxe en día está en crise.

Profesorado

O claustro do IES San Tomé é relativamente numeroso: contamos 62 profesores, número moi inferior ós 90 que houbo en tempos, resultado da diminución dos integrantes do claustro nos últimos cursos. Polo número é necesariamente diverso e representativo da sociedade viguesa. Podemos atopar no mesmo todas as actitudes posibles de cara á lingua galega. Un aspecto importante é a transformación do mesmo desde posturas moi conservadoras de hai uns anos a posturas máis diversificadas na actualidade. Este feito responde á anovación á que se viu sometido nestes últimos anos, debido ás xubilacións e incorporación que se produciron.

Esta diversidade calla nun ambiente enrarecido sobre o tema do uso do galego. Publicamente é un tema controvertido, o que provoca o tratamento sexa evitado e que se pretenda desprazar a cuestión a ámbitos individuais, onde as posturas, prácticas e decisións sexan só persoais. As iniciativas en favor da lingua galega son mesmo entendidas por un reducido sector como unha agresión. Pola contra, hai profesorado que está de acordo coas iniciativas a prol da lingua e que brindan o seu apoio e colaboración. Ningunha das posturas está en situación de impor os seus criterios. Un exemplo é a aplicación do decreto sobre materias en galego. A aplicación, despois dunha traballosa negociación, quedou establecida nos mínimos legais e cun compromiso de alternancia das materias que se impartirán en galego, tal como se recolle noutro apartado.

Alumnado

O alumnado deste centro ten unha procedencia e comportamentos netamente urbanos, cunha gran variedade de referencias culturais e sensibilidades. Respecto á lingua e culturas galegas presenta un comportamento diglósico e/ou minorizado. Parte deles presentan dificultades serias para falar con soltura en galego, pero sobre todo están moi condicionados polos modelos sociais que lles dificultan empregar a lingua galega en público, mesmo ós que teñen competencia para iso. Caso á parte son os de procedencia non galega; neste caso os modelos sociais rara vez os invitan a integrarse en galego. Poden vivir perfectamente en castelán as 24 horas do día.

O seu uso do galego é, polo tanto, irregular; a ausencia de estímulos sociais e a falta de uso, os prexuízos persoais e sociais, o clima de conflito co que se trata acotío o tema... comportan dificultades para romper a falar en galego, así coma unha escasa demanda ou afirmación na lingua fronte ós outros estamentos da comunidade educativa. Chegando a ocultar a súa competencia como afirmabamos antes. Ó tempo, a diversidade do alumnado e a variedade de referencias culturais e sensibilidades dificultan poder artellar un discurso que nos permita chegar a eles con claridade e eficacia.

O centro

O centro presenta unha situación lingüística na que conviven galego e castelán. Formalmente o castelán está máis presente e o galego está asociado a usos que a lei prevé para o mesmo. Respecto ó galego, a comunidade escolar presenta unha

competencia escrita aceptable e competencia oral deficiente ou moi deficiente. Desenvólvense en galego a documentación e comunicados oficiais e as materias que teñen que impartirse en galego, aínda que neste caso o cumprimento non sempre é o demandado.

Con respecto á comunicación formal interna e externa do centro, realízase maioritariamente en galego (agás os casos contemplados na lei, de relación con organismos doutras comunidades).

OFERTA ACADÉMICA DO IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

Neste centro impártense os seguintes estudos:

- ESO (1º e 2º ciclos)
- Bacharelato nas modalidades científico-tecnolóxico e CC SS e humanidades.

ALUMNADO MATRICULADO

Debe terse en conta que a matrícula se mantén aberta ó longo de todo curso, polo que estas cifras aumentan consonte avanza o mesmo.

CURSO	Nº GRUPOS	ALUMNOS
1º ESO	4	119
2º ESO	4	106
3º ESO	4 + PDC	91
4º ESO	4 + PDC	111
1º BACHARELATO	5	159
2º BACHARELATO	5	164
TOTAL	28	750

MATERIAS IMPARTIDAS EN GALEGO

Como parte do PLC, faremos referencia á distribución de materias que se deben impartir en galego ou castelán (comúns, propias de modalidade e optativas), resultado da aprobación no claustro e do consello escolar de xuño de 2010. Foron introducidas posteriores modificacións na CCP de 9 setembro de 2010, que foron aprobadas.

En lingua galega, lingua catelá, así como nas linguas estranxeiras (francés e inglés), enténdese que a lingua obxecto de estudo funciona, ademais, como lingua vehicular. A distribución de linguas por materias e cursos queda como segue:

ESO

CURSO	GALEGO	CASTELÁN
1º ESO	CSXH (3) CCNN (4) Proxecto interdisciplinar (1)	Matemáticas (4) Educación física (2) Educación plástica (2)
2º ESO	CSXH (3) CCNN (3) Educación para a cidadanía (2) Música (2)	Matemáticas (4) Tecnoloxías (3) Educación física (2)
3º ESO	CSXH (3) BX(2) Educación física (2) Música (2) Optativa (2)	Matemáticas (4) FQ (2) Tecnoloxías (2) Educación plástica (2)
4º ESO	CSXH (3) BX (3) Educación física (2) Ética (1) Música (3) Optativa (3)	Matemáticas (3) FQ (3) Tecnoloxías (3) Educación plástica (3) Informática (3)

1º BACHARELATO

MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
COMÚNS	Filosofía e cidadanía (2) Ciencias para o mundo contemporáneo (2)	Educación física (2)
PROPIAS DA MODALIDADE (bacharelato de ciencias e tecnoloxía)	Matemáticas I (4) Física e química (4) Tecnoloxía industrial I (4)	Bioloxía e xeoloxía (4) Debuxo técnico I (4)
PROPIAS DA MODALIDADE (bacharelato de humanidades CCSS)	Historia do mundo contemporáneo (4) Matemáticas aplicadas ás CCSS I (4)	Economía (4)
OPTATIVAS		TODAS (4) (agás as propias de modalidade 2ª lingua estranxeira)

2º BACHARELATO

MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
COMUNS	Historia de España (3)	Historia da filosofía (3)
PROPIAS DA MODALIDADE (bacharelato de ciencias e tecnoloxía)	Matemáticas II (4) Ciencias da terra e ambientais (4) Tecnoloxía industrial II (4) Electrotecnia (4)	Física (4) Química (4) Bioloxía (4) Debuxo técnico II (4)
PROPIAS DA MODALIDADE (bacharelato de humanidades e CCSS)	Xeografía (4) Matemáticas aplicadas ás CCSS II (4)	Economía da empresa (4) Historia da arte (4) Literatura universal (4)
OPTATIVAS (bacharelato de ciencias e tecnoloxía)	TODAS (4) (agás as propias de modalidade e 2ª lingua estranxeira)	
OPTATIVAS (bacharelato de humanidades e CCSS)	Lit. galega do séc. XX e da actualidade (4) Xeografía e historia de Galicia (4) TODAS AS DEMAIS (4) (agás as propias de modalidade e 2ª lingua estranxeira)	

* Entre parénteses figuran as horas lectivas das respectivas materias.

Cómpre lembrar que no noso centro contamos cunha sección bilingüe de música nos niveis de 2º, 3º e 4º de ESO.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

- Garantir a posibilidade de convivir utilizando a lingua galega.
- Reforzar o traballo para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuízos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma galego.
- Introducir na comunidade a oferta positiva de establecer a comunicación en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que rompa prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.
- Fomentar o uso progresivo do galego de xeito que se superen as carencias que se observan nos primeiros estadios do ensino.
- Lograr que tanto o ensino obrigatorio como post-obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa posible adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego, en espazos que favorezan asociacións positivas e permitan ampliar o emprego da nosa lingua nas creacións e nos diversos intercambios dixitais.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Presentar a cultura galega e a súa lingua coma unha fiestra aberta coa que é posible conectar co mundo.
- Propor o multilingüismo como pauta para un modelo social culto e tolerante.
- Comprender que o galego constitúe a nosa maior achega á cultura universal.
- Facer ver a cultura galega como unha forma de ser e estar no mundo e o galego como o seu cauce natural de expresión.
- Reforzar a estrutura de planificación lingüística da administración educativa e as medidas de apoio ó labor normalizador dos centros.
- Identificar o uso do galego cunha actitude diante da vida e un talante diante do mundo, que implica a asunción da cultura galega e a súa definición actual.

Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos, aínda que en última instancia deberán repercutir na normalización lingüística de toda a comunidade escolar e mesmo o seu entorno familiar e social, dividirémolos en diferentes grupos segundo o destinatario específico sexa o profesorado, o alumnado, o persoal non docente ou a comunidade educativa no seu conxunto.

A comunidade escolar

- Coidar de maneira especial o uso da lingua na plataforma educativa, actualizándoa e someténdoa ás pertinentes revisións.
- Ofrecer unha imaxe do centro no que a utilización do galego resulte cotiá e normalizada, sen problemas de confrontación directa.
- Actuar sobre actitudes: vantaxes do plurilingüismo, vantaxes da presenza do galego canda as outras linguas no centro.
- Favorecer a actividade no centro como oportunidade para o intercambio cultural e persoal.
- Aumentar a presenza da lingua e cultura galegas no centro.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando especialmente a súa presenza en todos os ámbitos da vida académica.
- Trazar liñas de traballo que promovan a autoestima lingüística dentro e fóra da comunidade escolar.
- Establecer relacións con persoas e entidades da contorna que colaboren na recuperación e dignidade da lingua.
- Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar para vencer prexuízos cara ó galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Fomentar o plurilingüismo no centro, onde o galego apareza coma unha lingua de prestixio.
- Impulsar un coñecemento oral e escrito suficiente da lingua galega por parte de todo o persoal escolar (docente e non docente) para que poida desenvolver o seu labor nesa lingua.
- Garantir unha ampla oferta educativa en galego.
- Facilitar información legal ós compoñentes da comunidade educativa relacionada coa lingua galega e o seu estatus.
- Fomentar o uso do galego a nivel oral por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Procurar o aumento en cantidade e calidade da expresión escrita en galego.

O alumnado

- Aumentar o nivel de uso do galego entre o alumnado en contextos informais.
- Participar en mostras culturais en galego.
- Elaborar produtos culturais de expresión persoal.
- Acadar unha participación significativa do alumnado nas actividades de fomento da lingua galega.
- Lograr a contribución do alumnado a unha cultura de centro en galego.
- Lograr que o ensino obrigatorio lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.
- Ofertar actividades de tipo cultural que lle permita ó alumnado acceder á cultura galega.

O profesorado

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.
- Facer o seguimento do (in)cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Renovar a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Informar ós diferentes departamentos daquelas actividades de interese organizadas por diferentes entidades e que se vehiculan en galego.
- Orientar e axudar o profesorado das diferentes especialidades na solución de problemas e eivas de tipo lingüístico relacionadas coas súas materias e fornecelos na medida do posible das ferramentas e recursos necesarios para que poidan desenvolver con éxito o seu labor docente en galego.

O persoal non docente

- Consegur que todas as instancias administrativas relacionadas coa educación se comprometan coa normalización do galego e xeneralizar o uso do galego como lingua habitual de todo tipo de actuacións administrativas, tanto orais como escritas.
- Implicar o persoal non docente na súa actividade cotiá no uso do galego como vehículo comunicativo habitual e natural na vida do centro.

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

Distinguiremos tres tipos de actividades segundo os ámbito competencial e de actuación:

Actividades propias do EDLG do centro

- Publicación da revista *O Galo Millarengo* para o curso 2012-1013. Sefgundo dispoñibilidade orzamentaria a edición da revista poderá ser ou ben en soporte papel ou de carácter dixital. Preténdese facer polo menos un número anual. O primeiro número ó redor do Nadal e o segundo no mes de maio ou xuño. Nesta actividade intentarase una participación activa de todos os membros do instituto.
- Achega de información sobre blogs e outros foros de intercambio de información, opinión, novas, comentarios, etc.
- Reactivación, mantemento e actualización do espazo da páxina web reservado á normalización lingüística, onde se editará todo canto teña que ver co EDLG: información de actividades, xuntanzas, convocatorias, asesoramento lingüístico; enlaces a páxinas de interese (blogs, revistas, dicionarios, vocabularios, artigos...)
- Carta de presentación do EDLG ós diferentes departamentos solicitando a súa colaboración e o cumprimento da normativa sobre o uso do galego.
- Selección de noticias de prensa (revistas ou xornais) referidas á lingua galega e as súas manifestacións culturais. As novas e comunicados figurarán tanto na sección Normalización Lingüística da páxina web do IES como nos taboleiros correspondentes distribuídos polo centro.
- Recepción e arquivo do material dirixido ó EDL.
- Organización de concursos e certames de diferente tipo: literario, nas súas diferentes modalidades; fotocomposición, banda deseñada, etc. De modo específico preténdese organizar un certame de relato breve de misterio cuxo título aínda non se decidiu.
- Servizo de asesoramento lingüístico dirixido a todos os membros da comunidade educativa.
- Exposicións.

- Charlas.
- Distribución de materiais diversos (camisolas, adhesivos, chapas, etc.) referentes á dinamización e animación lingüística.
- Exposicións fotográficas.
- Certames e concursos.
 - Narrativa de misterio.
 - Poesía.
 - Banda deseñada.
 - Fotonovela.
 - Fotografía.
 - Outras que se nos poidan ocorrer tanto realizadas como Equipo como en colaboración con outros departamentos.
- Actuacións musicais. Interpretación de cancións en galego.
- Sección de toponimia e antroponimia.

Actividades en colaboración con outros departamentos

Ademais da colaboración constante co Departamento de Lingua Galega e Literatura na organización de conferencias, charlas e saídas, fundamentalmente, temos intención de manter presenza e colaboración co resto dos departamentos didácticos do centro, así como a vicedirección: actuacións musicais, certames literarios, exposicións fotográficas, de banda deseñada, especialmente para a celebración do Día das Letras Galegas, pero tamén ó longo de todo o curso. Algúns exemplos:

- “A porta dos dous mundos”: o Samaín, altar de mortos,...
- Exposicións de debuxos (postais de Nadal, ...).
- Cartel e adhesivos conmemorativos do día das letras galegas.
- Interpretacións de música galega.

Actividades con outras institucións e organismos nas que participa o centro

- Participación en actividades patrocinadas por asociacións ou institucionais relacionadas coa normalización lingüística como o Gabinete de Normalización Lingüística da Consellería de Educación de Pontevedra, a Mesa pola Normalización Lingüística, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística ou a Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo:
 - Participación no certame Duplo R no mes de novembro.
 - Obradoiros de portugués.
 - Obradoiro lúdico-literario Cantiga Amiga.
 - Obradoiro de ciencias: os xabóns
 - Obradoiro de ciencias: os aceites esenciais.
 - Obradoiro de ciencias: os nosos bosques.

- Bibliotecas viventes.
- Piropea en galego.
- Correlingua 2013.

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES: SECUENCIACIÓN E ORZAMENTO

As actividades da segunda e terceira avaliacións dependerán en grande medida das ofertas que poidan achegar algunhas institucións que colaboran no proceso de dinamización lingüística e que están sen programar, polo que a súa inclusión está condicionada. Na temporalización aparecen fusionadas as actividades da 2ª e 3ª avaliacións.

Período	Actividade	Dirixida a	Realizada por	Orzamento
1º trimestre	Revista <i>O Galo Millarengo I</i>	Centro	EDLG	1.000 €
	Exposición sobre o Samaín	Centro	EDLG e Vicedirección	70 €
	Obradoiro de ciencias: os xabóns	1º e 2º de ESO	EDLG, Dep. de CCNN e Concello de Vigo	-----
	Obradoiro de ciencias: os aceites esenciais	1º e 2º de ESO	EDLG, Dep. de CCNN e Concello de Vigo	-----
	Obradoiro de ciencias: os nosos bosques	1º e 2º de ESO	EDLG, Dep. de CCNN e Concello de Vigo	-----
	Exposición de postais de Nadal	Centro	EDLG, Departamento de Educación Plástica e visual	-----
	Obradoiro lúdico- literario Cantiga amiga	3º ESO	EDLG e Concello de Vigo	-----
	Certame Duplo R	Centro	EDLG, Departamento de Música e Concello de Vigo	-----

2º-3º trimestres (previsións)	Revista <i>O Galo Millarengo II</i>	centro	EDLG	1.000 €
	Correlingua 2012	1º-2º ESO	EDLG	-----
	Música galega	centro	EDLG, Dep. de Música	-----
	Letras galegas: certame de carteis	Centro	EDLG, Dep. de EPeV	120 €
	Letras galegas: relato de misterio	Centro	EDLG Dep. Lingua Galega	120 €
	Letras galegas: certame poético:	centro	EDLG Dep. Lingua Galega	120 €
	Letras galegas: certame banda deseñada	centro	EDLG Dep. Lingua Galega	120 €
	Saídas culturais (charlas, museos, rutas culturais)	Centro	EDLG, Dep. Lingua Galega et alii	400 €
	O entroido	Centro	EDLG et alii	
	Charlas e conferencias	Centro	EDLG e alii	

Importe total da axuda solicitada: 2.950 €

ADDENDA

A lexislación vixente (Decreto 79/2010) indica que anualmente se elaborará unha addenda na que conste unha valoración das actividades feitas no curso pasado e mais os PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA do vindeiro curso.

Valoración das actividades feitas no curso 2011-2012

MEMORIA DESCRIPTIVA DE ACTIVIDADES

Neste apartado da memoria falaremos do grao de desenvolvemento e consecución dos diferentes obxectivos propostos no proxecto de dinamización da lingua galega, tanto xerais como específicos, que foron vehiculados a través dunha batería de actividades realizadas ó longo do curso 2011-2012.

Cómpre sinalar que, aínda que en todas elas o EDLG foi participante con maior ou menor grao de protagonismo, sempre se intentou implicar ós diferentes integrantes da comunidade escolar do IES San Tomé de Freixeiro. Así, resultou fundamental a colaboración dalgúns departamentos, nomeadamente os de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, plástica, latín e música.

Pola súa banda, a participación e protagonismo no proceso dinamizador do alumnado foi moi importante, especialmente se partimos da situación lingüística do centro, tal como se comentou no seu momento no proxecto anual.

Tampouco queremos esquecer as facilidades e axudas prestadas pola dirección do IES para poder realizar moitas das actividades, tanto polo que atinxe a aspectos organizativos, como económicos, pois sen a asunción de gastos con cargo ós orzamentos de funcionamento do centro tería sido imposible realizar moitas das actividades.

Agradecementos tamén para outras institucións, especialmente a Concellería de Deporte e Normalización Lingüística do Excmo. Concello de Vigo, que nos permitiu intervir e participar en varias actividades tremendamente interesantes para a consecución dos nosos fins sen ningún tipo de custo adicional.

ACTIVIDADES

A seguir falaremos dalgunhas das actividades ou intervencións de carácter xeral do EDLG que, aínda que supoñen actuacións de carácter puntual, constituíron un labor constante ó longo do curso. Despois detallaremos por orde cronolóxica as actividades específicas desenvolvidas ó longo do curso 2011-2012.

Actividades de carácter xeral

- Instalación dun taboleiro destinado ó uso do EDLG, espazo axeitado para a publicación de novas, convocatorias, información xeral, efemérides e todo canto poida interesar en relación coa lingua galega.
- Posta en marcha e mantemento do apartado específico dentro da web do IES San Tomé de Freixeiro desde onde houbo oportunidade de transmitir información sobre actividades, facer convocatorias, informar...
- Recepción, clasificación e custodia de diferente material dirixido ó EDLG.
- Asesoramento lingüístico en diferentes ocasións ós membros da comunidade académica sobre aspectos relacionados coa nosa lingua, como ocorreu coa colaboración na redacción dos carteis conmemorativos do cincuentenario do IES San Tomé de Freixeiro, efeméride que se está a celebrar na actualidade.

Actividades específicas por orde cronolóxica

1º trimestre

- Formación do grupo de traballo que se vai encargar da elaboración da revista do centro. Comezo dos traballos que culminarán coa súa publicación en xaneiro de 2012.
- 19 de outubro
Celebración no centro da actividade “Obradoiro de literatura medieval”, dirixida a alumnos de 3º de ESO e ofrecida gratuitamente pola Concelaría de Deporte e Normalización Lingüística do Excmo. Concello de Vigo.
- 20 de outubro
Colaboración na organización da conferencia inaugural do curso 2011-2012 a cargo de don Víctor Freixanes sobre o tema “Entre a trabe de ouro e a paxariña de Armenteira”.
- Do 27 de outubro ó 4 de novembro
Organización e participación na actividade multidisciplinar “A porta entre os dous mundos”. Exposición sobre o Samaín, os *altares de mortos* e a morte na Antigüidade clásica. Participan os departamentos de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, latín e o EDLG. Tamén se inclúe na actividade a exposición da obra de Castelao *O ollo de vidro, memorias dun esquelete*.
- 10 de novembro
Coordinación e celebración nos laboratorios do centro da actividade dirixida a alumnos de 2º de ESO “Obradoiro de esencias a partir de plantas aromáticas”, que oferta o Concello de Vigo e no que tamén colabora o departamento de ciencias da natureza. A actividade estaba enmarcada na celebración do Día da Ciencia en Galego 2011.

-
- 21 de novembro
Celebración da charla titulada “Mitoloxía futura” a cargo de Xan Eguía. A actividade estaba dirixida ó alumnado de 4º de ESO e foi realizada en colaboración co departamento de lingua galega e literatura.
 - 20 de decembro
Saída á exposición “O son das ondas. O Vigo medieval e a lírica trobadoresca”, que tivo lugar nas dependencias do pazo de Castrelos. Colaborou co EDLG o departamento de lingua galega e literatura. Acudiron alumnos de 3º de ESO.

2º trimestre

- xaneiro
Publicación e distribución da revista *O Galo Millarengo* (250 exemplares en cuatricromía), actividade de dinamización na que participaron practicamente todos os sectores do IES San Tomé de Freixeiro e que non fora posible publicar durante algúns anos. Foi considerada a actividade máis relevante do EDLG para o plan de dinamización do presente curso e a súa acollida foi moi positiva.
- 17 de febreiro
Exposición en colaboración co departamento de plástica de máscaras de Entroido realizadas polo alumnado de 1º de ESO.
- Do 14 ó 17 de febreiro
Organización do concurso e a exposición “Unha carta e unha flor”, no que os alumnos debían redactar unha carta de amor co gallo da celebración do día de San Valentín. Entrega de premios. Participan os alumnos de todos os niveis educativos.
- 23 de febrero
Coordinación e participación no propio centro da primeira xornada do obradoiro de regueifas celebrada no salón de actos e dirixida a alumnos e alumnas de diferentes niveis educativos. Actividade

ofertada gratuitamente polo Concello de Vigo que foi dirixida por Luís Caruncho e mais Pinto d'Herbón.

- Do 27 de febrero ó 16 de marzo
Exposición “Ser lingua non é fácil” no vestíbulo do centro. Esta actividade dirixida a toda a comunidade escolar e estaba apoiada na correspondente unidade didáctica. O material da exposición foi cedido gratuitamente polo STEG.
- 8 de marzo
Celebración da segunda xornada do obradoiro de regueifas na que se procede á selección de 10 alumnos para participar no certame de regueifas da comarca de Vigo.
- 16 de marzo
Participación de alumnado (basicamente de 1º de ESO e 1º de bacharelato) no certame escolar de regueifas que se celebra no Centro Veciñal Cultural de Valadares patrocinado polo Concello de Vigo. O instituto acode con 50 alumnos dos que participan 10. Malia ser a primeira participación conseguimos meter nas semifinais 3 alumnas das que unha chegaría á final e sería a gañadora.
- 22 de marzo
Viaxe pedagóxica a Celanova e Vilanova dos Infantes para visitar a Fundación Curros Enríquez e o mosteiro de San Rosendo, así como a torre de Vilanova dos Infantes. Lectura pública de poemas de Curros e Celso Emilio Ferreiro. Acoden alumnos de 2º de bacharelato. Organizada en colaboración co departamento de lingua galega e literatura.

3º trimestre

- 16 de maio
Exposición de carteis conmemorativos do Día das Letras Galegas dedicado este ano á figura de Valentín Paz Andrade.

-
- 21 de maio
Cerimonia de entrega dos premios do IV Certame Xosé Manuel Enríquez nas modalidades de poesía, narrativa, banda deseñada e cartel.
 - 21 de maio
Acto en homenaxe á figura de Celso Emilio Ferreiro polo centenario do seu nacemento. Dirixido ós alumnos de 1º e 2º de ESO e 1º de bacharelato. Proxección dunha pequena fotobiografía e recitado, cantado e dramatización de 20 poemas do autor celanovés. Organización do EDLG e colaboración do departamento de lingua galega e literatura e, moi especialmente, do departamento de música. Interveñen alumnos de diferentes niveis educativos.
 - Do 12 ó 22 de xuño
Exposición sobre o tema “Valentín Paz Andrade visto por nós”. Colabora o departamento de plástica con 60 láminas realizadas por alumnos de 4º de ESO
 - Do 15 ó 22 de xuño
Exposición titulada “Megalomanía” na que se recollen máis de 80 traballos en branco e negro ou cor de alumnos de 4º de ESO sobre o motivo do galo, icona da portada e título da revista do noso centro (*O Galo Millarengo*). Colabora o departamento de plástica.
 - 21 de xuño
Repetición do recital homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, esta vez dirixido ó alumnado de 1º, 3º e 4º de ESO. Interpretanse 21 poemas do autor de *Longa noite de pedra*.

VALORACIÓN

O EDLG considera altamente satisfactorio o grao de consecución dos obxectivos propostos no proxecto de dinamización para o curso 2011-2012 e as actividades desenvolvidas para lles dar cumprimento, malia non ter podido levar a cabo alguna actividade das previstas inicialmente, ben por non se considerar “útiles” ou por resultar irrealizables por cuestión de calendario escolar (exames, coincidencias con outras actividades, normalmente viaxes, etc.). Por outra banda, lamentamos non poder ter levado a cabo a edición dun segundo número d’*O Galo Millarengo* tal como era intención do EDLG e máis tendo en conta a moi boa acollida do primeiro número. A explicación reside na imposibilidade material de facelo por falta de orzamento. Esperemos poder superar este inconveniente o vindeiro curso.

Polo que atinxe á memoria económica só achegaremos a factura correspondente ós gastos de publicación da revista do EDLG, pois o resto de gastos foron asumidos polo propio IES como gastos de actividades culturais imputables ó centro (vicedirección) ou ós departamentos que colaboraron. Para alén diso, cómpre salientar que as actividades organizadas polo Servizo de Normalización do Concello de Vigo nas que participou o IES San Tomé de Freixeiro foron ofertadas gratuitamente: charlas, intervencións, desprazamentos ó centro, parte do material, autobuses para acudir ó certame de regueifas, etc.

Vigo, 5 de outubro de 2012

O coordinador do ENDL

Asdo.: Miguel Doiro Taboada